



CIRCULAR 47-2021.

VII CAPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CLUBS DE PROBAS COMBINADAS AIRE LIBRE

- *A todas as delegacións da FGA.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o VII Campionato Xunta de Galicia de Clubs de Probas Combinadas os días 8 e 9 de maio, nas pista de atletismo do CGTD en Pontevedra.

Art.2).- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas que teñan ficha pola F.G.A. na tempada 2021 das categorías Sub16, Sub18, Sub20, Sub23, Senior e Master.

Art.3.)- Valerán marcas feitas dende o 1 de novembro de 2020.

No Campionato de Galicia de Clubs de probas combinadas poderán participar todos aqueles equipos masculinos ou femininos que inscriban un mínimo de 3 atletas en cada sexo. A puntuación farase, puntuando 3 atletas independentemente da súa categoría dende sub16 ata master. Os clubs que non terminen con 3 atletas non puntuarán. Admitiranse 8 equipos de homes e 8 equipos de mulleres, participando aqueles que na inscrición teñan máis puntuación nas probas que compoñen o seu programa de combinadas. Reservaranse 6 prazas para aqueles atletas que sen completar equipo, teñan unha marca destacable ou a suma dos puntos das probas individuais que compoñan a súa combinada, sexa máis alta.

Segundo acordo da Asemblea nos campionatos de probas combinadas só poden participar atletas que acrediten rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen, e dentro de eses rexistros exista unha proba de carreira, unha proba de salto e unha proba de lanzamento.)

Por limitacións actuais so poderán participar un total de 30 homes e 30 mulleres, de non completarse as prazas para atletas individuais, nin os 8 equipos, poderase completar as prazas con un 4º participante por equipo, sempre que non inflúa no normal desenvolvemento da proba.

Art.4).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do xoves 29 de abril de 2021. Os clubs que presenten atletas que se inscriban por medio de mellores marcas en probas individuais deberán enviar un so correo con todos a direcciontecnica@atletismo.gal antes do peche da inscrición. No caso de presentar máis de 3 atletas dun mesmo sexo deberá aclara cales serían os 3 o 4 que puntuarían por clubs e cales (se fose o caso) de forma individual.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

O prazo para realizar asbaixas será dende a publicación dos aceptados ata ás 10:00 horas do martes 4 de maio. Calquera baixa non comunicada en prazo a: competicion@atletismo.gal levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente e unha multa de 3 euros.

Art.5).- Haberá trofeos para os tres primeiros clubs masculinos e femininos clasificados (farase unha única clasificación absoluta).

Art.6).- Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible en toda a súa superficie no peito, agás na pértiga que poderán levalo nas costas. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal para a colocación do dorsal.

Art.7).- Todos/as os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas. Os/as atletas sairán á zona de saída coa roupa de competición posta.

Art.8).- Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas, sendo imprescindible entregar na retirada a folla de Declaración Responsable.

Art.9).- O aforo será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa na páxina web de atletismo.gal, para os/as adestradores/as e delegados/responsables dos clubs participantes, una vez sexa publicada a relación definitiva de atletas admitidos.

Art 10).- Horario.

Una vez pechado o prazo de inscrición e publicadas as listas de admitidos concretarase o horario en función das categorías dos inscritos.

Art.11).- Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 2 euros.

Art.12).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnica@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas la normativa técnica da FGA para a tempada 2021.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.13).- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.14).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 27 de abril de 2021

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo